

ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE OUTUBRO DE 2008

“4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación definitiva do contrato de mantemento dos alumeados públicos

Con data nove de setembro do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Electricidad Cruceiro, S.L o contrato do servizo de conservación, reposición e mantemento dos alumeados públicos municipais no prezo de cincuenta e oito mil cincocentos un euros con cincuenta céntimos (#58.501,50#) máis IVE, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) .

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato do servizo de conservación, reposición e mantemento dos alumeados públicos municipais.

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 514-210 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a Electricidad Cruceiro, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Cuarto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante e no BOP.”

